

- 1 Imaxina e escribe, a partir das imaxes, os feitos que faltan no conto. Despois, ponlle un título. RM.

UNHA PONTE INABARCABLE

Paio VI, descendente dunha familia que gobernaba desde había séculos o país de Máis Alá, era un rei moi caprichoso.

Por iso, cando unha mañá viu aparecer ao lonxe, entre montañas, unha ponte luminosa formada por sete arcos de cores ben brillantes.



pensou que unha ponte tan bonita tiña que estar no seu reino, e non aló no horizonte. A ponte das sete cores tiña que ser súa!



Entón, chamou os seus dous mellores cabaleiros e encomendoulles a misión de encontrar aquela ponte marabillosa e levala para o reino.

Os cabaleiros do rei puxéronse en camiño deseguida. Seguiron o arco durante un anaco e andaron e andaron, pero canto máis andaban, máis

parecía afastarse. Finalmente, o arco, desapareceu

Os cabaleiros non sabían o que pasaba, ata que unha sabia anciá, que os atopou no camiño, lles explicou que o arco se formaba cando a luz do sol atravesaba as gotas de chuvia.

Se non chovía, o arco non aparecía no ceo.



Os cabaleiros, volveron ao palacio e explicáronlle ao rei todo o que aprenderan sobre aquel arco misterioso.

E así, o rei tivo que se conformar con observar aquela ponte de cores tan bonita desde o balcón, nos días de chuvia.